

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE CLUBS NÁUTICOS DE GALICIA - ASNAUGA PARA A PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DO TURISMO NÁUTICO EN GALICIA

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E pola outra, D. Javier Ruíz de Cortázar Díaz, en calidade de Presidente da **Asociación de Clubs Náuticos de Galicia- en adiante ASNAUGA**, con CIF G-15916547, con domicilio social en R/ Ourense, 11, baixo, 15701, Santiago de Compostela (A Coruña).

As partes recoñécense mutuamente a capacidade suficiente para o asinamento deste convenio, e interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñan conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, a esta entidade correspóndelle executar as medidas

definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a asociación de Náuticos de Galicia, é unha institución sen ánimo de lucro. Constitúese o 20 de febreiro de 2003, sendo a única asociación empresarial existente en Galicia representativa deste sector, rexistrada na Consellería de Economía, Emprego e Industria, implantada en toda Galicia, e formada por 31 entidades náuticas cuxo obxectivo é promocionar e comercializar o turismo náutico en Galicia.

A defensa e promoción dos clubs náuticos galegos, foi uns dos incentivos que motiva a creación da Asociación. Así mesmo, outro dos obxectivos de ASNAUGA, é axudar a potenciar o turismo náutico deportivo nas costas de Galicia, conscientes da súa singularidade, as inigualables características para as actividades náutico-deportivas que teñen nosas Rías e costas en xeneral, promoveu e potenciou a aplicación de certificacións medio ambientais, de calidade e sustentabilidade, contando na actualidade con:

O 75 % das Bandeiras Azuis de Galicia

O 81,31 % das certificacións "Q" de Calidade de Galicia e 62,10 % de España.

O 90 % das certificacións "S" de Sustentabilidade Turística de Galicia e o 72,22 % de España

O 100 % das certificacións EMAS en medio ambiente de Galicia e de España

O 100 % das ISO 14001 de Galicia e do 70% de España

O 81,31 % das certificacións de Galicia calidade en portos deportivos

Se falamos das certificacións propias de Galicia, as instalacións Náutico deportivas dispoñen de 12 certificacións de Galicia Calidade.

ASNAUGA ten entre os seus fins o de manter e fomentar, como creadores e prestadores de servizos de infraestruturas portuarias, un turismo de calidade e accesible que permita diversificar a oferta

turística existente e favorecer o desenvolvemento estable do sector náutico e da economía galega, e de todo tipo de actividades deportivas relacionadas co mar e a súa formación especializada.”

Terceiro.- Que todas estas entidades consideran de interese a colaboración nas actuacións obxecto deste convenio porque contribúen de forma clara a valorización do patrimonio cultural e natural, tanto material como inmaterial, o desenvolvemento do turismo costeiro, e a promoción internacional de Galicia como destino náutico e natural de costa.

Cuarto.- Este proxecto ten como obxectivo a promoción e comercialización do turismo náutico en Galicia, un turismo de calidade e accesíbel que permita diversificar a oferta turística existente na nosa comunidade autónoma e favorecer o desenvolvemento estable do sector náutico e da economía galega, así como toda clase de actividades deportivas relacionadas co mar e a súa formación especializada.

ASNAUGA pretende continuar coa labor de potenciación do turismo náutico na nosa Comunidade, que nos últimos anos colocou a esta Comunidade no primeiro posto de actuacións en materia de fomento de turismo náutico de toda España. Pero esta labor pretende facela dun xeito ordenado da man da Comunidade Autónoma, toda vez que por si soa non pode dun xeito responsable, conxugando o turismo co respecto ó medio ambiente e á calidade dos servizos. Neste sentido, pretendemos seguir reforzando e potenciando as infraestruturas, aplicación e mellora de novas tecnoloxías, adaptación das instalacións as certificacións de sustentabilidade, calidade e medio ambiente, fomentando e potenciando a consecución das mesmas, así como a mellora da profesionalidade dos seus recursos humanos e directivos.

Os Clubs Náuticos e os portos deportivos son a carta de presentación do turismo náutico en Galicia, a modo de portas de entrada para dar a coñecer Galicia ó navegante. Unha mala calidade, xestión, ou infraestruturas, pode levar un impacto negativo inmediato sobre o visitante.

Por este motivo, a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia (ASNAUGA), pretende fomentar e potenciar as súas infraestruturas e servizos en Galicia, España e no resto de países do Atlántico, unha conciencia de calidade e aproveitamento sostible do patrimonio das zonas costeiras para as xeracións actuais e futuras, promovendo iniciativas de posta en valor dos servizos de calidade, e protección dos

recursos naturais. En varias das súas instalacións foron implantándose sistemas de xestión de Calidade como a certificación ISO 13687 (Q de Calidade), de medio ambiente como a certificación ISO 14001 e Regulamento EMAS, certificación de sustentabilidade turística "S", a certificación Galicia calidade e a Bandeira azul.

Así mesmo, dentro da idiosincrasia da cultura de Galicia, e intimamente relacionada con ela, queremos potenciar a simbiose de relixiosidade, turismo e náutica, a través da Travesía Náutica Xacobeá, como Camiño do mar para chegar a Compostela. A dita Ruta, nas súas dúas vertentes: Norte e Sur, foron certificadas no mes de novembro de 2021 como a primeira Ruta Turística de España como "Q" de calidade polo ICTES.

Quinto.- Con todo isto, preténdese desenvolver un plan integral no que se abordará unha serie de factores ou actuacións que permitan poñer Galicia na cabeza do Turismo Náutico e por iso na vangarda da calidade, aproveitando o ano Santo Xacobeo e incentivar a chegada de máis navegantes e elixan Galicia como o seu destino turístico náutico.

Para iso determínanse os seguintes eixes de actuación:

- 1.- Fomento das certificacións de Sustentabilidade e medio ambiente, e consolidación da implantación de certificacións de calidade, sustentabilidade e medio ambiente.
- 2.- Continuación coa implantación de ferramentas dixitais para unha mellor xestión dos recursos turísticos náuticos, e a mellora dos sistemas actuais, o que permitirá promover e potenciar as instalacións náuticas galegas como destino náutico cunha maior afluencia de tránsitos europeos e do resto de España.
- 3.- Promocionar a rede de instalacións náutico deportivas do Camiño por Mar a Santiago.
- 4.- A formación dos seus traballadores e directivos en novas tecnoloxías, capacitación, especialización e lexislación turística, incluso persoas ligadas ó turismo náutico e portos deportivos.

Sexto.- Que, polas razóns expostas, concorren aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei,

aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, posto que o obxecto do convenio contribúe á valorización do patrimonio cultural e natural, tanto material como inmaterial, o desenvolvemento do turismo costeiro, e a promoción internacional de Galicia como destino náutico e natural de costa.

Deste xeito concorren así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia (ASNAUGA) a única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada.

Por todo isto, dada a converxencia de ámbitos de actuación, o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins comúns, e para unha maior eficacia na execución das actuacións, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e Asnauga para a promoción e comercialización do turismo náutico en Galicia, e favorecer o desenvolvemento estable do sector náutico e da economía galega, así como toda clase de actividades deportivas relacionadas co mar e a súa formación especializada.

En concreto realizaranse as seguintes actividades:

- 1.- Continuar coa implantación de novas ferramentas de xestión dixitais, innovando e adaptándoas á nova lexislación, así como ampliando o seu campo de actuación e xestión, o que permitirá unha maior profesionalización e actuación na xestión do turismo náutico e súas instalacións e clubs náuticos.
- 2.- Ampliación de certificacións de "Q" de calidade, "S" de sustentabilidade e ISO14001 de medio ambiente.

3.- Formación en novas tecnoloxías, e profundización e mantemento en aspectos de mellora de servizos profesionais, encamiñada ao coñecemento das novas ferramentas de xestión.

4.- Promoción e fomento do turismo náutico e da Travesía Náutica Xacobeá.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 34.327,81 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

	IMPORTE
A –IMPLANTACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE CALIDADE, SUSTENTABILIDADE E MEDIOAMBIENTE	3.388,00 €
Estudo e implantación de certificacións (Auditorías, seguimentos, etc.)	3.388,00 €
B – DIXITALIZACIÓN E APLICACIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS	9.075,00 €
Implantación de novas ferramentas de xestión dixitais	4.235,00 €
Mellora das ferramentas náuticas para a xestión automatizada das instalacións	4.840,00 €
C -FORMACIÓN DOS TRABALLADORES EN NOVAS TECNOLOXÍAS, CAPACITACIÓNS E LEXISLACIÓN TURÍSTICA	14.989,00 €
Formación na mellora profesional e directiva	1.089 €
Formación en novas tecnoloxías e sistemas de xestión	13.900 €
D -ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN	6.875,81 €
Persoal e colaboradores	2.627,50 €
Gastos de xestión, alugueres e admón.	4.248,31 €
TOTAL	34.327,81 €

A Axencia de Turismo de Galicia financiará o coste que supoña para a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia (ASNAUGA) ata un importe máximo de 33.500 € (97,58%) con cargo á aplicación orzamentaria

04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025.

En todo caso, os gastos de persoal aos que se refire o orzamento estimado serán exclusivamente os do persoal propio, ou contratado ao efecto, dedicado especificamente á execución da actividade subvencionada, sen que en ningún caso se financie o gasto do persoal destinado ao funcionamento ordinario da Asociación.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira. Compromiso das partes

I.- A Asociación de Clubs Náuticos de Galicia comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Todas as demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

II.- A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da achega establecida na cláusula segunda.

Cuarta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Quinta.- Compatibilidade

De conformidade co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Xustificación dos fondos, pagamento e gastos subvencionables

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.
- Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados de estes.

- 3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.
- 4) Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

II. A contribución da Axencia de Turismo de Galicia minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban

efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2025.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **22 de decembro de 2025**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, ASNAUGA deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do mesmo, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Novena.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décima.- Causas de resolución

-Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia, e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo segunda.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo cuarta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puidesen levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD), e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a asociación ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e

supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPB respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Asociación de Clubs Náuticos de Galicia

José Manuel Merelles Remy

Javier Ruiz de Cortázar Díaz